

# **PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-21**

**SEGUINDO A RESOLUCIÓN CONXUNTA DAS CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E DE SANIDADE POLA QUE SE APROBA O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 PARA O INICIO DO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA**

## **ÍNDICE:**

- 1. Medidas de prevención básica**
- 2. Medidas xerais de protección individual**
- 3. Medidas de limpeza**
- 4. Material de protección**
- 5. Xestión dos abrochos**
- 6. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade**
- 7. Medidas de carácter organizativo**
- 8. Medidas en relación coas familias e ANPAS**
- 9. Medidas de uso de comedor**
- 10. Medidas específicas para uso doutros espazos**
- 11. Medidas especiais para os recreos**
- 12. Medidas específicas para alumnado de NEE**
- 13. Previsións específicas para o profesorado**
- 14. Medidas de carácter formativo e pedagóxico**

# 1. Medidas de prevención básica

A primeira e máis importante medida de prevención básica fronte ao Covid-19 é a responsabilidade individual das familias de analizar o estado de saúde do neno ou nena antes de saír da casa para o cal adxuntamos o Anexo I proporcionado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no protocolo a seguir durante todo este documento.

O mesmo tratamento co persoal docente e non docente. O anexo I é o mesmo.

## 1.1 Datos do centro

Denominación	EEI VILA LAURA
Código	36
Enderezo	Rúa Hispanidade, nº 86
C.P.	36203
Concello	Vigo
Provincia	Pontevedra
Teléfono	986 471410
Correo electrónico	<a href="mailto:eei.vila.laura@edu.xunta.es">eei.vila.laura@edu.xunta.es</a>
Páxina web	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/eeivilalaura/">http://www.edu.xunta.gal/centros/eeivilalaura/</a>

## 1.2. Membros do equipo Covid

Membro 1		Teléfono móbil
Directora	Rosa Iglesias Veiga	
Suplente – Xefa de estudos	Mª Jesús Calviño Moure	
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nomear membros e suplentes no equipo covid.</li><li>• Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia.</li><li>• Coordinación do equipo covid.</li><li>• Xestionar a adquisición de material de protección necesario.</li><li>• Comunicación de casos</li></ul>	

<b>Membro 2</b>	Iria Gil Iglesias
Suplente –	Antía Reboreda Rivera
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elevar as propostas do NIVEL</li> <li>• Coordinar as entradas e saídas do alumnado</li> <li>• Difundir a información ao nivel e ás familias</li> </ul>
<b>Membro 3</b>	Fátima Suárez Conde
Suplente –	María del Carmen Estévez López
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elevar as propostas do NIVEL</li> <li>• Coordinar as entradas e saídas do alumnado</li> <li>• Difundir a información ao nivel e ás familias</li> </ul>
<b>Membro 4</b>	Vanessa María Blanco de la Fuente
Suplente –	Beatriz Álvarez Pereira
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elevar as propostas do NIVEL</li> <li>• Coordinar as entradas e saídas do alumnado</li> <li>• Difundir a información ao nivel e ás familias</li> </ul>

### 1.3. Centro de Saúde de referencia

Centro	Teléfono	Contacto

### 1.4. Determinación do espazo de illamento COVID

Espazo	Dotación
<b>Edificio: Aulario</b>  <b>Aula de descanso</b>	Estará dotado de botiquín e de material de protección individual, como luvas, máscaras, EPI. Dispón tamén de panos desbotables, dispensador de xel, de xabón papeleira con pedal e tapa. Ventilación e moi ampla.

### 1.5. Número de alumnos e alumnas por nivel

Educación infantil (4º – grupo A)	21
Educación infantil (4º – grupo B)	22
Educación infantil (4º – grupo C)	21
Educación infantil (4º – grupo D)	22
Educación infantil (5º – grupo A)	17
Educación infantil (5º – grupo B)	19
Educación infantil (5º – grupo C)	15
Educación infantil (5º – grupo D)	23
Educación infantil (6º – grupo A)	20
Educación infantil (6º – grupo B)	22
Educación infantil (6º – grupo C)	22
Educación infantil (6º – grupo D)	22

### 1.6. Cadro de persoal

Mestr@s especialistas en EI	15
Mestra especialista en inglés	1
Mestras especilaistas en PT e AL	3
Orientación	1
Mestras compartidas con outros centros	2
Coidadoras	1
Conserxe	1

### 1.7. Grupos estables de convivencia

GRUPO	AULA	TITOR/A	ESPECIALISTAS
4º EI-A	Nº 8	1	3
4º EI-B	Nº 1	1	3

4º EI-C	Nº 4	1	3
4º EI-D	Nº 3	1	3
5º EI-A	Nº 2	1	5
5º EI-B	Nº 6	1	5
5º EI-C	Nº 7	1	5
5º EI-D	Nº 12	1	5
6º EI-A	Nº 5	1	5
6º EI-B	Nº 10	1	5
6º EI-C	Nº 11	1	5
6º EI-D	Nº 9	1	5

### 1.8. Medidas específicas para os grupos estables de convivencia

Os grupos estables de convivencia empregarán a máscara en tódalas zonas e espazos comúns: corredores, baños, patio...

Así mesmo aconséllase tamén o seu uso dentro da aula. Tendo isto en conta dentro da propia aula estableceremos as seguintes medidas:

-O acceder ás aulas desinfectaremos/lavaremos ás mans con auga de xabón e introduciremos rutinas de saúdo Covid (saúdos dende lonxe, cós cóbados ou cos pés) e procedemos a visualizar os carteis que nos recordan as normas dentro da aula (lavar as mans, tusir no brazo, esperar o noso turno para ir ao baño, uso da máscara...) Así mesmo realizaranse dinámicas que incidan nestes mesmos aspectos.

-Priorizarase o uso de pictogramas e carteis que recorden as normas e axuden a asimilar e comprender a nova situación.

-Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria.

-Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:

- Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa. No caso de tusir facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias e/ou obxectos con posibilidade de estar

contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

-Traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. E sempre que sexa posible con máscara, por parte do alumnado, e obrigatorio para o profesorado.

-Dadas as características particulares desta etapa, as características propias do alumnado e a forma específica do mobiliario o alumnado relacionarase entre eles de modo estable podendo socializar e xogar entre sí, sen ter que garantir a distancia de seguridade.

-Fomentaranse actividades individuais ou de pequeno grupo, sempre que sexa posible.

-Desenvolverán na súa aula de referencia, sempre que sexa posible, toda a súa actividade lectiva.

-O número de docentes que atenda ao alumnado será o mínimo posible. Os reforzos e apoios pedagóxicos do alumnado levaranse a cabo, sempre que sexa posible dentro do aula estable de convivencia.

-Intentarase que o material sexa de uso individual e que o alumnado teña dito material gardado nas súas gavetas.

-O material de uso compartido desinfectarase antes e despois do seu uso; podendo facer partícipes ao propio alumnado da limpeza con cancións e dinámicas que axuden a recordar a súa importancia.

-O alumnado terá que ter unha caixiña, bolsa ou similar para gardar a máscara cando sexa necesario quitala (momento da merenda, por exemplo). Quedará gardada na súa mochila ou na súa gaveta persoal.

-Non se celebrarán aniversarios ou calquera outro evento con merendola dentro da aula nin fora.

-No momento de recantos utilizarase material distribuído en caixas ou contenedores que serán desinfectados unha vez finalizado o seu emprego. Evitarase material de difícil desinfección ou limpeza.

-As chaquetas e mochilas permanecerán ao carón de cada alumno, na súa cadeira, para evitar que as pertenzas poidan mesturarse co resto dos compañeiros/as.

-Manteranse as xanelas abertas sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan e fomentaranse a ventilación da clase no momento en que os cativos non están na clase (recreo, psicomotricidade...).

-Eliminaranse da aula todo o material ou mobiliario non aporte imprescindible coa finalidade de non diminuír a superficie útil.

-Cada alumno/a ocupará sempre a mesma cadeira e a mesma mesa.

-A porta da aula permanecerá aberta, sempre que sexa posible, para evitar a manipulación de pomos e para garantir tamén a renovación de aire.

### 1.9. Canle de comunicación

Para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencias e ausencias.

<b>Profesorado e Persoal non docente</b>	<b>Telefónicamente ao centro ou a coordinadora Covid</b>	<b>Directora (Coord. Covid)</b>	<b>Comunicación oficial (Punto 1.11 deste plan)</b>
<b>Alumnado</b>	<b>Remind co titor/a Correo electrónico <a href="mailto:eei.vila.laura@edu.xunta.es">eei.vila.laura@edu.xunta.es</a> Teléfono do centro: 986 47 14 10</b>	<b>Directora (Coord. Covid)</b>	<b>Comunicación oficial (Punto 1.11 deste plan)</b>

### 1.10. Rexistro de ausencias

Existirán dous modelos paralelos para o rexistro de asistencia do persoal e do alumnado.

Ao rexistro convencional empregado habitualmente (follas de rexistro e Xade), engadiremos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa covid-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por covid-19 son sempre xustificadas e permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas cada fin de mes á persoa que exerza a Xefatura de Estudos.

<b>Profesorado e Persoal non docente</b>	<b>Xefatura de estudos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xade</li> <li>• Rexistro Covid</li> </ul>
<b>Alumnado</b>	<b>Titor/a</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xade</li> <li>• Rexistro Covid</li> </ul>

*Ver anexos II e III Modelo de rexistro de ausencias*

### **1.11. Comunicación das incidencias por sintomatoloxía compatible co Covid-19**

<b>Profesorado e Persoal non docente</b>	<b>Coordinadora Covid</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comunicación coa Consellería de educación, Consellería de sanidade, do Sergas ou co Grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia.</b></li> <li>• <b>Comunicación co persoal do centro e coa familias do alumando.</b></li> <li>• <b>Subir datos á aplicación</b></li> </ul>
<b>Alumnado</b>	<b>Coordinador/a covid do nivel</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Avisar a familia e esta ao centro de saúde ou PAC e no seu defecto contactará e co equipo sanitario do centro se saúde asignado ao centro.</b></li> <li>• <b>Comunicación coa Consellería de educación, Consellería de sanidade, do Sergas ou co Grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia.</b></li> <li>• <b>Comunicación co persoal do centro e coa familias do alumando.</b></li> <li>• <b>Subir datos á aplicación</b></li> </ul>



## **2. Medidas xerais de protección individual**

### **2.1. Medidas xerais nas aulas**

Establecemos grupos estables de aula, que xunto ao titor/a poderán conformar Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro.

Retirarase o mobiliario non indispensable.

O alumnado non compartirá material de uso propio.

Nas aulas existirá un espazo diferenciado para o material de cada alumno.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa.

As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

### **2.2. Medidas para uso de espazos de PT, AL e departamento de Orientación**

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

- Emprego de máscara como norma xeral. Cando polo traballo desenvolto co alumnado non poida levarse a cabo deste modo contarán con mamparas de protección que serán empregadas pantalla facial e/ou mampara.
- Entre cada sesión realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados. Para o cumprimento desta norma, neste curso escolar deixarase de utilizar aula de PT-2 (que non conta con ventilación) e utilizará a aula de relixión no aulario.
- Cada PT /AL traballará cos nenos/as da mesma aula. É dicir non poderán ir alumnado de distintas aulas na mesma sesión.

### 2.3. Titorías coas familias

As titorías levaranse a cabo baixo dúas modalidades:

- Presencial (sempre que sexa posible): a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, previa cita e garantido a distancia social. Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans.
- Virtual a través da plataforma que oferte a consellería no curso 20/21, vídeo chamada, chamada telefónica...
- En ambos casos, será obrigatoria a cita previa.

### 2.4. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro

- Reforzaranse as vías de comunicación dixitais, polo que a web do colexio pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral.
- Como sistema de mensaxería empregaremos Remind e Abalarmóbil. Para as familias que non teñan a aplicación, empregarase unha vía alternativa, que será o correo electrónico ou, en último lugar, a chamada telefónica.
- A información cos provedores, concello, visitas... realizarase por mail ou teléfono.

### 2.5. Uso da máscara na EEI Vila Laura

<b>Profesorado e persoal non docente</b>	Obrigatorio o uso da <b>máscara en todo momento e en todo o recinto</b> . A excepción será no profesorado de AL e PT, cando o seu traballo o requira e explicado anteriormente.
<b>Alumnado</b>	<b>Empregarase en tódalas zonas e espazos comúns:</b> corredores, baños, patio... <b>Aconsellamos tamén o seu uso dentro da aula</b> , a pesar de pertencer a un grupo de convivencia estable.
<b>Outras persoas</b>	<b>Obrigatorio</b>

## **2.6. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa da EEI Vila Laura**

- O plan difundirase a través da **web do centro**
- Para dar a coñecelo, enviarase ás familias o link mediante o sistema habitual de mensaxería do colexio: **Remind** e **Abalarmóbil**.
- Ademais e trasladarase á **ANPA Magnolia** para que o difunda a través das súas canles habituais

## 3. Medidas de limpeza

### 3.1. Asignación de tarefas

<b>Conserxe</b>	Ventilación das aulas antes da chegada do alumnado 15 minutos antes
<b>Limpiador/a (mañán)</b>	Limpeza/desinfección dos baños tres veces ao longo da xornada lectiva. Limpeza dos pasamáns Limpeza patios Limpeza de espazos comúns.
<b>Limpiador/as (tarde)</b>	<b>Todo a escola</b>

### 3.2. Distribución horaria

Consideramos que deberíamos contar con persoal de limpeza durante toda a mañán para levar a cabo a limpeza e desinfección adecuada debido as curtas idades do noso alumnado.

Propoñemos:

1 limpiador/a	09:00 a 14:00
3 limpiador/as	15:00 a 20:00

### 3.2. Material e protección para a realización das tarefas de limpeza

Consideramos que deben seguir o seu protocolo e sempre usando luvas e máscaras así como de distintivos móbiles que indiquen da súa presenza.

### 3.3. Modelos checklist de limpeza de baños e ventilación de aulas.

- En cada **baño** existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levalos a cabo.
- En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as **ventilacións** das aulas.

- A primeira ventilación do día realizarase antes da entrada do alumnado e será realizada pola conserxe/limpadora.
- O resto de mañá este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de checklist.
- No caso de aulas burbulla... a ventilación a relizará o profesorado correspondente a lo menos catro veces ao longo da mañán.

*Ver anexos IV e V modelos do checklist de aseos de baño e ventilación*

### **3.4. Espazos para a xestión dos residuos**

<b>Hixiene persoal</b>	Panos desbotables, luvas, máscaras.	Papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal) coa etiqueta "RESPIRATORIA". O persoal de limpeza terá especial coidado con tratamento destes residuos.
<b>Resto dos elementos</b>	Papeis, pinturas, plásticos, restos das merendas...	Papeleiras como sempre.

## **4. Material de protección**

### **4.1. Rexistro e inventario do material**

A secretaria do centro realizará o inventario todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, crearase un apartado específico dentro do cadro xeral denominado “material covid-19”.

### **4.2. Determinación do sistema de compras**

Unha vez recibida a dotación inicial por parte da consellería, o centro garantirá a existencia de máscaras suficiente como para as posibles contingencias que poidan xurdir.

- Aproveitamento de máscaras, en caso de necesidade, para o profesorado e resto de persoal non docente.
- Outro material de protección, pero cun emprego máis específico e limitado, serán as luvas de látex ou vitrilo, que estarán situadas nos botiquíns existentes no colexio.
- Dotarase de xel hidroalcohólico a tódalas aulas e espazos do centro.
- Dotarase de papeleira con pedal e tapa a tódalas aulas.

### **4.3. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición**

O equipo Covid en colaboración coa secretaría da escola organizará a distribución do material e xestionando a solicitude para a súa reposición.

## 5. Xestión dos abrochos

No contexto deste protocolo, defínese gramo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

### 5.1 Determinación das medidas

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 EN CENTROS EDUCATIVOS”, en virtude da mesma:

Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de que poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) que se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporarase a mesma información.

- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na “ Guía de actuación ante la aparición de casps de COVID-19 en centros educativos”, e co “Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención de control da infección por SARS-Co-V-2” publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:
- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.



- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.
- Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

### **1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)**

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

### **2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do

centro.

- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

### **3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

### **4. Fase 4 (Fase de reactivación)**

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

## **5.2 Comunicación das incidencias a autoridade sanitaria e educativa**

A responsable de realizar as comunicacións será a persoa que exerza a dirección do centro, e na súa ausencia, a que ocupe a xefatura de estudos.

## **6. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade**

Procederase según ao apartado 9 do *protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021*(páx. 31-37) .

- ✓ A persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á directora do centro o anexo III do protocolo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar.
- ✓ Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación xunto con anexo IV do portal de dirección, será enviada vía mail á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación
- ✓ A Inspección Médica Educativa solicitará ao solicitante a documentación acreditativa da súa situación e emitirá un informe.

## 7. Medidas de carácter organizativo

### 7.1 Entradas e saídas


- ✚ O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é **evitar as aglomeracións e os tempos de espera** nas entradas e saídas.
- ✚ O **éxito** desde plan vai **depende** do **cumprimento estrito dos horarios** establecidos.
- ✚ Só poderá achegarse as entradas da escola **un adulto por neno/a e sempre con mascarilla**.
- ✚ Durante o tempo que sexa preciso o persoal de garda e do DO axudará a levar a cabo este plan.

Esta organización modificarase en función do resultado e eficacia do mesmo .

NIVEL	HORARIO Entrada/Saída	AULA	ACCESO/SAÍDA
5 ANOS A	09:00/13:40	5 (BOLBORETAS)	CANCELA PINTOR COLMEIRO
5 ANOS D	09:00/13:40	9 (INDIOS)	ENTRADA PRINCIPAL
5 ANOS B	09:00/13:40	10 (OSIÑOS)	PATIO CUBERTO PLANTA BAIXA
5 ANOS C	09:00/13:40	11 (EXPLORADORES)	ENTRADA PLANTA BAIXA
4 ANOS A	09:10/13:50	2 (PIRATAS)	ENTRADA PRINCIPAL
4 ANOS B	09:10/13:50	6 (PINGÜÍNS)	CANCELA PINTOR COLMEIRO
4 ANOS C	09:10/13:50	7 (ASTRONAUTAS)	PATIO DE 3 ANOS
4 ANOS D	09:10/13:50	12 (ESTRELIÑAS)	ENTRADA PLANTA BAIXA
3 ANOS A	09:20/14:00	8 (ESQUIOS)	ENTRADA PRINCIPAL
3 ANOS B	09:20/14:00	1 (ABELLIÑAS)	ENTRADA PRINCIPAL
3 ANOS C	09:20/14:00	4 (XIRAFAS)	CANCELA PATIO 3 ANOS

3 ANOS D	09:20/14:00	3 (TARTARUGAS)	CANCELA PINTOR COLMEIRO
----------	-------------	----------------	-------------------------

## UBICACIÓN DOS ACCESOS AO RECINTO ESCOLAR



### 7.2 Portas de entradas e saídas e circulación no centro

- Cando un alumno/a teña que acceder ao centro fora do seu horario de entrada ou saída por motivos xustificadas o acceso será sempre pola porta principal. E TERÁN QUE ESPERAR A QUE O PERSOAL DO CENTRO ESTEA DISPONIBLE.
- Se se trata de un alumno/a illado por sintomatoloxía covid. o acceso do titor/a legal será pola porta principal do Aulario. (Entrada polo Camiño do Regueiro, Escola de Música).
- A circulación dentro da escola será seguindo a SINALIZACIÓN así como nas escaleiras e respetando en todo momento a distancia de seguridade.

**Azul** de entrada ou subida de escaleiras pola esquerda  
**Amarelo** de saída ou baixada de escaleiras pola dereita

### 7.3 Cartelería e sinalética no centro

## **Ante todo a prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa ubicación**

